

BASES 11º CONCURSO DE MAQUETAS 'QUEIXO MAQUETÓN'

1º. Poderán tomar parte todos aqueles grupos ou solistas con residencia no Estado español que non teñan ningún álbum publicado, coa excepción dos autoeditados ou que non teñan firmado ningún contrato discográfico.

2º. Só se admitirán traballos encadrados estilisticamente dentro do pop rock e novas tendencias: Rock, Pop, Post Rock, Tecno Pop, Power Pop, Art Rock, Indie, Indie Pop, Electrónica, Electro Pop, Electroclash...

3º. O **PAZO** de inscrición comeza o **15 DE NOVEMBRO DE 2018** e remata o **15 de xaneiro de 2019** ás 15 h. Este día ás 20 h, a dirección do Queixo Maquetón publicará o nome do grupo ganador que **actuará en Arzúa o 9 de marzo de 2019**. O concerto celebrarase aproximadamente ás 21:30 h.

4º. Todos os grupos ou solistas que desexen participar no concurso Queixo Maquetón 2019, deberán enviar un email a **proxectoqueixomaqueton@gmail.com**, onde nos farán chegar:

- Os títulos das (3) tres cancións que se presenten a concurso, que deberán estarán publicadas no Myspace, Bandcamp ou outras plataformas
- Unha fotografía de calidade en formato JPEG (máx 10 Mb)
- Una biografía do grupo/solista en formato DOC (Word ou similar)
- Dirección, CP, teléfono, correo e la plataforma na que estean colgadas as cancións a concurso

5º. O gañador será elixido por un xurado, que estará formado por profesionais relacionados coa música e os membros da organización. É imprescindible ter un repertorio propio dun mínimo de 30 minutos de duración. O gañador cede os temas presentados a concurso para o seu posible uso promocional do evento.

6º O gañador deberá estar **dado de alta na Seguridade Social** o día 9 de marzo de 2019. Os premios levarán aplicada a correspondente **retención fiscal por I.R.P.F.** A dotación económica estará suxeita á lexislación fiscal vixente, segundo establece o **Real Decreto 439/2007**.

7º. O incumprimento total ou parcial das presentes bases será motivo de descualificación. A Organización do Queixo Maquetón resérvase o dereito de poder modificar total ou parcialmente as presentes bases e de colocación do grupo ganador no horario e escenario que estime oportuno.

PREMIOS

- **1.300€ EN METÁLICO:** 1.000€ concepto do concerto que dará na 44ª Festa do Queixo, máis 300€ para gastos derivados do transporte e aloxamento.
- **ACTUACIÓN NO FESTIVAL DO QUEIXO O SÁBADO 9 DE MARZO DE 2019**, dentro da 44ª Festa do Queixo, que terá lugar en Arzúa os días 8, 9 e 10 de marzo de 2019.

ENTREVISTA PROMOCIONAL en Radio Arzúa e as redes sociais do evento.

ORGANIZA

